

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as Asociacións, Asociación de Apoio a Persoas con Diversidade Intelectual (Aceesca), a Asociación Hogar e Clínica San Rafael, o Centro Juan María Asociación Esperanza Valle Miñor, a Asociación de pais e nais de persoas con Autismo de Galicia (Aspanaes) e a Asociación Pro Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (ASPRONAGA) para por en marcha Programas de Formación Profesional Adaptada para persoas con necesidades educativas especiais

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra, don Esteban Bacelo Souto, presidente da Asociación de Apoio a Persoas con Diversidade Intelectual (Aceesca), elixido como tal na Asemblea Xeral do 4 de abril de 2025. Don Raúl Torres Insua, como Director-Xerente da Asociación Hogar e Clínica San Rafael, elixido como tal na reunión do 15 de outubro de 2024.

Don Manuel González Martínez, presidente do Centro Juan María Asociación Esperanza Valle Miñor, elixido como tal na Asemblea Xeral do 26 de xuño de 2024.

Don Ignacio Labella Lozano, presidente da Asociación de pais e nais de persoas con Autismo de Galicia (Aspanaes), elixido como tal na Asemblea Xeral Extraordinaria do día 22 de xuño de 2024.

E don Nicanor Álvarez Álvarez, presidente da Asociación Pro Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (ASPRONAGA), elixido como tal na reunión da assemblea xeral da Asociación do 15 de outubro de 2018.

Todos eles actuando en nome e representación das respectivas asociacións que representan.

Interven en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das Entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 3/2022 de 31 de marzo, de Ordenación e Integración da Formación Profesional, define o sistema único de FP como un conxunto articulado e compacto que:

- Identifica as competencias profesionais do mercado laboral.
- Asegura as ofertas de formación idóneas.
- Posibilita a adquisición da correspondente formación ou, no seu caso, o seu recoñecemento.
- Pon a disposición un servizo de orientación e acompañamento profesional que permita o deseño de itinerarios formativos individuais e colectivos.

E contempla nas Modalidades da oferta da formación profesional no apartado 2 do artigo 70, Persoas con necesidades educativas especiais, que as ofertas axustaranse ás características e perfil dos destinatarios, promovendo a adquisición daqueles estándares de competencia ou elementos de competencia compatibles con cada discapacidade, e garantindo o dereito á súa formación nas empresas, coas adaptacións que precisen, sen que sufran discriminación na asignación de empresa.

2. Que o Plan de Orientación Profesional Integral FPGal360 ten como obxecto de establecer un sistema integral de orientación profesional que guíe e acompañe á cidadanía na súa toma de decisións educativas e profesionais desde idades temperás e ao longo de toda a vida, propónse este Plan de Orientación integral FPGal360, con dous obxectivos estratéxicos:

Reducir o abandono escolar temperá, perseguindo a "tendencia cero" e Incrementar a cualificación da poboación xove.

No seu Eixe 1: Maximizar o éxito do alumnado do sistema educativo, perseguindo a "tendencia cero" no abandono escolar temperá, contempla na súa liña 2 O Impulso e diversificación das ofertas de ensinanzas básicas de FP e ten como obxectivo, promover a inclusión educativa e profesional mediante programas de FP de grao básico adaptados a persoas con necesidades educativas especiais.

3. Que a Asociación Aceesca, a Asociación Hogar e Clínica San Rafael, o Centro Juan Maria Asociación Esperanza Valle Miñor, a Asociación Aspanaes e a Asociación ASPRONAGA, teñen como finalidade contribuír a mellorar a calidade de vida de cada persoa con discapacidade intelectual; así como impulsar as súas oportunidades para que cada persoa con discapacidade intelectual sexa protagonista da súa vida e entre os seus servizos, programas de formación adaptados ás necesidades e capacidades destas persoas para que adquiren as competencias que as capaciten para o seu desenvolvemento persoal e social.

4. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Aceesca, a Asociación Hogar e Clínica San Rafael, o Centro Juan Maria Asociación Esperanza Valle Miñor, a Asociación Aspanaes e a Asociación ASPRONAGA, están dispostas a colaborar en todos aqueles aspectos que mellore a formación profesional das persoas con necesidades educativas especiais dos seus centros, mediante unha orientación personalizada.

En consecuencia, ambas as partes acordan asinar este convenio, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto desenvolver unha experiencia piloto enmarcada no Plan de Orientación Profesional Integral FPGal360, concretamente por en marcha Programas de Formación Profesional Adaptada para persoas con necesidades educativas especiais no marco de FPGal 360.

Todo isto a través da colaboración entre a Asociación Aceesca, a Asociación Hogar e Clínica San Rafael, o Centro Juan Maria Asociación Esperanza Valle Miñor, a Asociación Aspanaes e a Asociación ASPRONAGA e os centros que impartan ensinanzas de formación profesional para facilitar a incorporación laboral das persoas con necesidades educativas especiais dos seus centros.

Segunda. Actuacións a realizar

Cada unha das Asociacións asinates colaborará cos centros que impartan ensinanzas de formación profesional no deseño de Programas de Formación Profesional Adaptada para promover a inclusión educativa e profesional das persoas con necesidades educativas especiais dos centros dependentes das mesmas.

Ditos programas serán aprobados polo centro de formación profesional e terán una duración equivalente a dous cursos escolares.

O alumnado que participe en ditos programas compaxinará estancias no centro dependente da Asociación ou Entidade, no centro colaborador de formación profesional e nunha empresa ou organismo equiparado, de acordo coa seguinte distribución temporal:

- 1º curso: o primeiro trimestre impartirase e cursarase no centro dependente da Asociación ou Entidade, o segundo e terceiro trimestre realizarase no centro colaborador de formación profesional no que se impartirá e cursará a parte práctica do programa.
- 2º curso: impartirase e cursarase nun centro dependente da Asociación ou Entidade, no centro colaborador de formación profesional e na empresa ou organismo equiparado. Na dita empresa ou organismo realizarase a parte de formación na empresa que se contemple no programa. A distribución temporal do programa contemplarase no mesmo.

Unha vez completado o programa formativo, o centro colaborador de formación profesional expedirá unha certificación ao alumnado que participase no programa. Dita certificación, no caso de ser positiva, permitirá o alumnado a continuación da súa formación dentro do sistema educativo ou posibilitará a súa inserción profesional mediante unha orientación personalizada, e, de ser o caso, a súa acreditación no proceso de avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias (ARA)".

Terceira. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes da Asociación Aceesca.
- Dúas persoas representantes da Asociación Hogar e Clínica San Rafael.
- Dúas persoas representantes do Centro Juan Maria Asociación Esperanza Valle Miñor.
- Dúas persoas representantes da Asociación Aspanaes.
- Dúas persoas representantes da Asociación ASPRONAGA.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que actuará como secretaria.

Cuarta. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, o que permitirá o desenvolvemento de dúas promocións, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

Quinta. Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

No caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos ata a data en que esta se produza.

Serán causas de resolución:

- Transcurso do prazo de vixencia sen haberse acordado prórroga.
- O acordo unánime das partes.

- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por declaración xudicial de nulidade.
- Por calquera outra causa prevista nas leis.

Sexta. Obrigas económicas

Da aplicación deste convenio non se derivará contraprestación económica algunha entre as partes asinantes do mesmo.

Sétima. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o alumnado, os centros educativos e a empresa que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Oitava. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Novena. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26

de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

O presidente de Aceesca

Esteban Bacelo Souto

O director-xerente da Asociación Hogar e Clínica San Rafael

Raúl Torres Insua

O presidente do Centro Juan María Asociación Esperanza Valle Miñor

Manuel González Martínez

O presidente de Aspanaes

Ignacio Labella Lozano

O presidente de ASPRONAGA

Nicanor Álvarez Álvarez